



Muxicas fai un alto nos 20 anos de camiño

Editan un compilatorio, que presentarán no Intercéltico do Porto

⇒ A. ESTÉVEZ

Dezasete temas son os escollidos polo grupo Muxicas para dar unha panorámica do que foron os seus xa máis de vinte anos no mundo da música. Con *20 anos de camiño*, os Muxicas fan un alto para que o público teña a oportunidade de redescubrir ao grupo. Presentan o traballo o primeiro de Abril no Festival Intercéltico do Porto e durante o verán xirarán polo país adiante. "Moitas das pezas incluídas no disco non as tocamos desde había moito tempo. O disco é tamén un recordo de todos aqueles músicos que pasaron polo grupo e sen os que non sería posíbel Muxicas", explica Xosé Manuel Fernández Costas.

As actuacións de Muxicas nos últimos anos tamén experimentaron o achegamento do público novo á música galega. "A cultura é o vehículo que che permite ollar o mundo, a xente nova dáse conta de que as referencias culturais son reais, irrefutábeis. Trátase dun fenómeno novo na Galiza pero que xa acontecía hai vinte anos en países como Franza. Era previsíbel que acontecera aquí; que os mozos e mozas queran danzar bailes tradicionais. Agora saben que é posíbel disfrutar da expresión cultural, como pode ser divertido moer e amasar pan", comentan os Muxicas.

Sete discos marcan a traxectoria discográfica do grupo. Sete discos diferentes que corresponden á evolución desta formación con base en Vigo. "A evolución foi gradual aínda que se poden apreciar catro etapas diferentes. Comezamos como un quinteto tradicional para seguir dándolle usos e novas posibilidades a instrumentos tradicionais. Penso que co segundo disco rachabamos coa uniformidade da música folc. No terceiro disco engadimos vellos elementos que tampouco eran usados, como a voz, e, a partir do cuarto disco, xa temos unha idea formada do que queremos ser como grupo de folc galego. Cultivamos a música sen necesidade de buscar referentes noutras culturas", sinalan. "O cal tamén nos co-

locou nun lugar incómodo, faciamos música galega pero non eramos celtas", engade Xosé Manuel Fernández Costas.

Aseguran que foron "mimados" polas casas discográficas e que o feito de non depender economicamente da música permitiúlles a independencia creativa. "Para nós foi beneficioso porque puidemos facer o que queríamos. Permitíunos ter independencia nas nosas formulacións musicais", comentan. Xosé Manuel Fernández sinala que o grupo bebe das fontes tradicionais, dos grupos etnográficos. "Nós non somos un grupo de recolla, reinterpretamos e reelaboramos sobre o existente. O grupos etnográficos son as nosas fontes e nós tratamos as pezas cunha paternidade responsable", explica Xosé Manuel Fernández.

Xunto a el, o grupo complétase con Magoia Bodega, Emilio Pichel, Manolo Vázquez "Rin-Rin", Liño Figueroa e Xurxo Cabaleiro. Din pertencer á "parcela biolóxica" da música, por esa razón o seu anterior disco titulábase *Naturalmente*. "Sentir unha zanfona é unha experiencia mística", senténencia Xosé Manuel Fernández. Desde aquel primeiro traballo gravado en 1982, *Parolada*, até *Naturalmente*, a esencia do grupo queda recollida en *20 anos de camiño*, cuxa primeira experiencia en directo vai ter lugar no Porto, dentro do Festival Intercéltico. ♦

A COR ROSADA DA AURORA. SYRA ALONSO. DIARIOS

CHUS PATO

Podería quedar detida para sempre na contemplación deste rostro, de Syra Alonso, de ningún, de todas, que resume a vida.

o que me oprime non é a orfandade do seu amor, pésame a súa maternidade, a imaxe dunha muller rodeada por tres fillos que logo de bicar as augas salobres do océano parte para o exilio, que fai eterno o seu retrato.

sei que terei que facer un esforzo terrible para ler este libro, un agasallo que chega no día da muller traballadora, un volume que eu nunca mercaría, tal é o pánico ante documentos como este que aínda non son quen de abrir.

pero con ela, coas súas palabras esváese o silencio e comeza o terrible, a narración, o tempo polas leiras de millo voaban perdices e rulas liñas de visión, de pensamento, páxinas que desmenten a rutina da manipulación *Tardoa ten os mesmos problemas que outras aldeas. A terra é do amo*. Descoñecemos a palabra amo referida á tenza da terra, a cotío vivimos na crenza de que o noso campesiñado foi sempre propietario e por iso inmobil, estático, reaccionario, pero a terra nesta nación foi cobrada polos nosos devanceiros hai tan só 75 anos, antes toda leira, todo mar era foro e esta redención xunto con como acadamos chegar aí é unha das nosas grandes epopeas

o campesiñado tampouco foi nin hoxe é unha masa uniforme, existen aqueles na prosa de Syra que recitan a Curros, aqueles que presionados denuncian ao seu home e os que pagan o cadaleito de Francisco Miguel.

existen as múltiples mulleres campesiñas que tecen o liño e acompañan na súa dor á autora destas follas.

perfecto é o entramado social que deseña, os caciques (as catro víboras de Santa Cruz de Oleiros), os mariñeiros, as voces que avisan, que susurran anónimas, os obreiros, Cesáreo, heroe do barrio de Santa Lucía, Manuel García e os valedores mineiros de Ourense que o matrimonio agocha na "casa da felicidade".

e os disparos, os primeiros mortos en Bastiagueiro e logo *Nas cunetas, á beira dos ríos e nas prais as mulleres recoñecían o pai, o irmán, o esposo, o fillo*.

e o fascismo, esa besta feroz que dun xeito magnífico reflicten as palabras da nai dos dous mozos que acusaran a Miguel

-Señora, meus fillos, así Deus me salve, non son falanxistas nin eu tampouco, fixéronos vir, para acusar a don Francisco, Fernando Pita, o comandante Lodeiro e o señorito Lázaro Pan. non lle farán mal aos meus fillos? Sempre están con vós, non esqueza que a Garda Civil matou o meu irmán.

páxina 59, ler é insoportable, desexaría que o fillo Xoán Ramón Fernández endexamais nos mandara desde México estes manuscritos, que a protagonista non tivese existido... na realidade desexo que o golpe do xeneral Franco non tivese lugar. A impiedade dos vencedores, endexamais imaxinei nenos de 14 anos nos calabozos *¡Cedo empezades! ¡Fillos de roxos! ¡Malditos! endexamais o sangue de Cesáreo da CNT contra os cristais luminosos, Cesáreo que logo de cortar as veas é atendido, resucitado para ser morto anónimo no monte...*

Continuo (lendo)

e os nomes, Horacio, o Petexo, Xulio Pita, Fernando Pita... os asasinados. Nada máis espantoso que a alegoría da xustiza cos ollos vendados e por fin a acusación, o que divide (tres citas)

-Ninguén me deixou un currunchito na súa casa, fuxiron como se eu tivese a peste.

-¡Que distinto foi o dos obreiros, mariñeiros e pescadores e o das súas mulleres, que dun modo tan valoroso loitaron! ¡Non sentiredes vergoña de terdes abandonado o pobo!

-¡armas! ¡armas!

pero as armas, ben o sabemos foron negadas.

as mulleres na entrada dos cárceres, as anciás golpeadas polas culatas dos fusís *Os falanxistas mallan nas mulleres que non queren abandonar o lugar*.

e unha última cita (fala Francisco Miguel) *Ti virás un día como veñen aquí preguntar polos seus infirmitade de mulleres e hante enganar o mesmo que a elas. Non che dirán onde me levan. Se algún garda che dá xunto coas miñas cousas este peite, poño isto como marca para decirche que corro a mesma sorte que os que desapareceron estes días*.

a sinatura sobre o certificado de defunción: Francisco Miguel faleceu dun colapso cardíaco, como tantos...

non desexo estenderme máis, non é preciso.

penso no valor de Syra Alonso, na coraxe de tantas mulleres antifeixistas, os trazos das súas faces configúranse nun só, polo seu alento nós respiramos, por esta escrita impecable nós podemos vivir, pola decisión de todas elas aínda é posible distinguir as trazas dos e das que optan pola liberdade e os / as que aspiran á servidume estes diarios non son a crónica da dor da súa autora que tamén son, son fundamentalmente a expresión da fidelidade dunha muller aos ideais de progreso, de Igualdade e fraternidade para darlle a volta ao mundo.

son o seu prego de cargo contra os crimes dos horrendos e sanguinientos gañadores

Non me resta senón agradecer ás Mulleres de A Nosa Terra esta conmoción e decirlles

—por favor, lean este libro, é importante, é absolutamente necesario. ♦

Letras Galegas 2000

Henrique Rabuñal Corgo

Manuel Murguía

Premio Carvalho Calero de Ensaio



EDICIONS
LAIÓVENTO

ENSAIO

Rúa do Hórreo, 80. Apdo. 1072. 15702 Santiago de Compostela.
Tells.: +34 986 842 092. Fax: +34 981 572 239

Correio electrónico: laiovento@interbook.net / Local na rede: //www.laiovento.com